

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 8 de xullo de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 08/07/2025
- II. Asistentes á CGIC do 08/07/2025
- III. Guías docentes das titulacións impartidas no centro para o curso 2025/2026
- IV. Rexistro R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas (curriculares e extracurriculares) correspondentes ás titulacións do centro
- V. Rexistro R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública.

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, das actas da sesións anteriores: ordinaria celebrada o 24 de abril de 2025 e extraordinaria celebrada o 28 de maio de 2025.**

Enviáronse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbanse por asentimento e serán publicadas na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

➤ Comunicacions coa Área de Calidade

✓ Cadro de Mando 2023/2024

- 06/05 Achégase o cadro de mando do centro precuberto cos últimos datos centrais dispoñibles no portal de transparencia, sinalando que para os indicadores dos que non se dispoñe dos datos do curso 23/24, se recolleron os do curso 22/23 (indicándoo na columna “*descripción e fonte*”). O centro debe cubrir os resultados propios e recoller as metas establecidas para cada indicador.
- 15/05 Achégase a contrasinal que permite modificar as celas protexidas para poder corrixir os erros atopados e introducir ás propostas de mellora do centro para o Cadro de Mando.

✓ ES 2024/2025 Estudantado e Profesorado

- 14/05 Achégase o estado da participación nas enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais do estudantado e o profesorado.

Código	Denominación Titulación	Estudantado			Profesorado			Persoas Tituladas		
		Respostas	Particip.	%	Respostas	Particip.	%	Respostas	Particip.	%
V09G290V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	--	--	--	4	13	31%	0	16	0%
V09G291V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	2	39	5%	19	73	26%	0	10	0%
V09G310V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	--	--	--	4	9	44%	1	6	17%
V09G311V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0	5	0%	23	88	26%	--	--	--
V09M148V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	0	1	0%	16	39	41%	--	--	--
V09M148V11	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	--	--	--	10	26	38%	--	--	--
V09M195V01	Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga	2	3	67%	4	14	29%	--	--	--
	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	4	48	8%	80	262	31%	1	32	3%

➤ Comunicacóns coa UAP

- ✓ 24/04 - 06/06 Publicación dos indicadores pendentes do curso 2023/2024 no Portal de Transparencia: ABA (1, 2 e 3), ACC (1, 2), GRA (1, 2, 3, 4, 5, 6), REN.MAT (taxas e cualificacións) e varias correccións dos indicadores.
- ✓ 13/05 Indicación de que todos os indicadores do curso 2023/2024 recollidos no catálogo xa están publicados no Portal de Transparencia e información dos indicadores nos que se atopan a traballar (entre eles os DOC, MER e FOR con horas de docencia segundo configuración de SIGMA cara o seguinte curso).
- ✓ 02/07 Publicación de indicadores no portal de transparencia, incluíndo unha actualización da evolución da matrícula do curso 2023/2024.
- ✓ 18/06 Solicitouse información ao Coordinador da Unidade de Análises e Programas polo estado da revisión do xeito no que se calculan os indicadores DOC, MER y FOR para ter en conta de forma axeitada ao profesorado correspondente ás materias comúns dos dous graos que se imparten na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Agárdase poder tratalo nunha reunión en xullo; están a traballar na adaptación do informe REN. Rendemento *Grading systems*.
- ✓ 18/06 Trasládouse ao Coordinador da Unidade de Análises e Programas a dúbida de que os informes REN. Rendemento materias/cualificacións sexan correctos. Achegáronse exemplos de datos dalgunha materia para que o revisen.
- ✓ 04/07 Seguindo a recomendación da Área de Calidade, trasladouse á Unidade de Análises e Programas a inconsistencia detectada nas táboas que xera a aplicación QSP para o informe periódico: *“Considérase oportuno trasladar que se cumpriron os prazos establecidos en base ao disposto no Regulamento do sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns (QSP) da Universidade de Vigo e que as queixas que figuran como non respondidas en prazo correspóndense con queixas para as que, en base ao establecido no Regulamento, é preceptivo solicitar informe ao profesorado. Trasládase á Área de Calidade que se modifique na plataforma de xestión de QSP estes prazos, para que non figuren como queixas non respondidas en prazo aquelas para as que o propio Regulamento establece prazos de cumprimento maiores.”* Estase á espera de resposta.

➤ **Acreditación institucional**

30/05 Presentouse o Autoinforme na plataforma AVALIA, e solicitouse á Área de Calidade que proporcione á comisión acceso aos espazos INFO e COOR en Moovi. Aínda non se coñece a data da visita (probablemente sexa en outubro).

➤ **Accións de Mellora na plataforma do SGIC:**

- ✓ No proceso da Acreditación Institucional, pecháronse algunhas Accións de Mellora. Completarase a revisión do estado, das datas de alerta e das datas de finalización estimada co Cadro de Mando e o IRPD.

➤ **Rexistros do SGIC - Curso 2024/2025**

- ✓ Queda pendente a elaboración dos seguintes rexistros:
 - R1 DE-02 Cadro de Mando (alerta 15/03/2025)
 - R1 DE-03 Informe de revisión do sistema pola dirección (alerta 31/03/2025)
 - R2 DO-0102 Plan de melloras (alerta 31/03/2025)
 - R1 PE-02 Informe de Resultados Institucionais (alerta 31/03/2025)
 - R1 DO-0201 PDA curso 2024/2025
 - R2 DO-0201 POD curso 2024/2025.
 - R4 DO-0101 Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación da titulación (alerta 31/03/2025): vaise achegar a acta da sesión na que se validou o Autoinforme da acreditación institucional.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2025/2026.

A Presidenta cede a palabra a Iria Feijóo, coordinadora do GERME, quen comenta o traballo realizado, de xeito coordinado con Francisco Deive, coordinador do GEE, para a elaboración das guías docentes das titulacións de grao (Anexo III). Sinala que as poucas modificacións solicitadas polo profesorado foron, na súa meirande parte, para adaptar os sistemas de avaliación das materias do primeiro curso á semana de exames con dúas probas parciais.

Apróbanse, por asentimento, as guías docentes das titulacións de grao.

A Presidenta agradece o traballo realizado por Iria Feijóo e a Fran Deive na xestión e revisión das guías e a colaboración de todo o profesorado coordinador das materias.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2025/2026.

A Presidenta lembra que no próximo curso se imparte por primeira vez o segundo curso do plan novo e indica que se tardou en poder iniciar o proceso debido a problemas co envorcado dos datos (profesorado e persoas coordinadoras incorrectas), polo que o tempo dispoñible resultou escaso.

Sinala que se estableceron os seguintes procedementos

- Materias de 1º: introdución das posibles modificacións por Guillermo García, coordinador do 1º curso do MUEM, sen abrir as guías salvo nos casos nos que se considerase necesario.
- Materias de 2º análogas a materias do plan vello: importación da guía do curso anterior e adaptación á memoria de verificación do novo plan polas persoas coordinadoras das materias. Estas guías foron supervisadas por Guillermo García, coordinador do 1º curso do MUEM.
- Materias de 2º totalmente novas ou con cambios importantes: elaboración da guía dende cero polas persoas coordinadoras das materias. Estas guías foron supervisadas por Guillermo García e Elena Alonso, coordinadora do MUEM.

A continuación cede a palabra a Guillermo García, quen sinala que os principais aspectos revisados foron os novos resultados de aprendizaxe de cada materia (coñecementos, habilidades e competencias) e a súa asignación aos resultados previstos nela, a planificación e o seu axuste ás fichas das materias na memoria de verificación, os sistemas de avaliación e os requisitos esixidos ás materias que se incorporaron ao programa *English friendly*

Apróbanse, por asentimento, as guías docentes desta titulación (Anexo III).

A Presidenta agradece o traballo realizado por Guillermo García na xestión e revisión das guías e a colaboración de todo o profesorado coordinador das materias.

5. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2025/2026.

A Presidenta cede a palabra a María Araújo, Coordinadora da titulación, quen sinala que as guías docentes achegadas son as correspondentes ás materias que se imparten na Universidade de Vigo (Anexo III). Aclara que non houbo cambios significativos agás unha materia que saíu do programa *English friendly* e as adaptacións das materias Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster ás normativas aprobadas este curso. Engade que as guías das materias impartidas na USC xa foron aprobadas fai tempo e se recollen mediante ligazóns; por contra, as impartidas na UDC aínda teñen prazo ata o 30 de xullo.

Apróbanse, por asentimento, as guías docentes desta titulación.

A Presidenta agradece o traballo realizado por María Araújo na xestión e revisión das guías e a colaboración de todo o profesorado coordinador das materias.

6. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas (curriculares e extracurriculares)* correspondentes ás titulacións impartidas no centro.

A Presidenta cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen sinala que o novo procedemento *DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas*, aprobado recentemente, inclúe este novo rexistro no que se debe recoller, por cada titulación, a listaxe de entidades nas que se desenvolveron as prácticas externas no curso actual. Preséntanse para a súa aprobación as listaxes correspondentes ao curso

2023/2024 (Anexo IV), para as tres titulacións nas que houbo prácticas externas, adiándose ao mes de setembro a aprobación das listaxes correspondentes ao curso actual, que aínda non rematou.

A Comisión aproba, por asentimento, o rexistro para as tres titulacións.

Agradécese a Mayka Romo a recompilación dos datos.

7. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública*.

A Presidenta sinala que tanto o chequeo da información pública como a elaboración do documento foron levados a cabo por Francisco Deive, Subdirector de Infraestruturas. Salienta que neste ano se rematou o proceso de reestruturación e actualización da web do centro así como a inclusión dalgúns contidos novos. Lembra que o rexistro se basea nunha *check list* recollida no procedemento *DO-0301 Información pública e rendemento de contas* e sinala os principais aspectos (Anexo V). Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado.

8. Rogos e Preguntas.

Non hai.

A Presidenta sinala que esta é a última participación de Generosa Fernández na Comisión de Calidade, xa que deixa o cargo de Enlace de Igualdade, e lle agradece en nome da Escola todo o traballo desenvolvido nestes anos a súa implicación co centro e a construción de valores igualitarios.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 32 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a oito de xullo de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 08/07/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 8 de xullo de 2025, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesións anteriores: ordinaria celebrada o 24 de abril de 2025 e extraordinaria celebrada o 28 de maio de 2025.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2025/2026.
4. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2025/2026.
5. Aprobación, se procede, das guías docentes das materias impartidas na Universidade de Vigo correspondentes ao Máster en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2025/2026.
6. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de prácticas externas (curriculares e extracurriculares)* correspondentes ás titulacións impartidas no centro.
7. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública*.
8. Rogos e Preguntas.

Vigo, 1 de xullo de 2025

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 08/07/2025

Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 8 xullo 2025	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
María Araújo Fernández	Representante do Máster XSA
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Pablo Eguía Oller	Representante dos departamentos con sede no centro
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Diego López González	Representante da Sociedade (titular)

ANEXO III

**Guías docentes das titulacións impartidas no centro para o curso
2025/2026**

ANEXO IV

**Rexistro R1 DO-0204 Listaxe das entidades para a realización de
prácticas externas (curriculares e extracurriculares)
correspondentes ás titulacións do centro**

ANEXO V

Rexistro R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública